

OITAVO CONCURSO DE “FERRETES” ENTROIDO 2012

FERRETES: denomínanse así, ironicamente, as coplas ou versos que se recitan na praza Maior ao rematar a procesión do Enterro da Sardiña.
O contido dos versos debe ter unha boa carga crítica, sobre todo da actividade municipal, pero sempre dentro do respecto, a elegancia e a corrección.

A Concellería de Cultura, en colaboración coa asociación “Pepe Barreiro” de Lugo, con motivo da celebración do próximo ENTERRO DA SARDIÑA o día 22 de febreiro do 2012, **convoca o 8º premio de ferretes do Entroido 2012** de acordo coas seguintes bases:

- 1º Poderá optar a este premio calquera cidadán sen límite de idade.
- 2º Os traballos terán que facer referencia a acontecementos de actualidade, preferentemente referidos á nosa cidade de Lugo e a Galicia., poñendo o máximo acento no escarnio
- 3º Estarán redactados en galego: o estribillo terá que ser unha estrofa de catro versos heptasílabos e os ferretes recitados, como mínimo de catro e como máximo de seis.
- 4º Quedarán anulados aqueles textos e autores dos que teña coñecemento algún membro do xurado antes da reunión para o ditame do concurso.
- 5º Entregaranse na Delegación de Cultura do Concello de Lugo (edificio da praza Maior) antes das 14.00 horas do día 16 de febreiro de 2012, nun sobre dirixido á asociación “Pepe Barreiro”, no que figurará como remitente un pseudónimo, e no seu interior, outro sobre co nome, enderezo, e teléfono de contacto.
- 6º Reservarase a identidade do autor para protexer a súa liberdade de redacción.
- 7º O ditame do concurso correrá a cargo de seis membros da asociación “Pepe Barreiro”: Mercedes Barreiro, Jesús Cao, Nélida Ónega, Manuel Cuesta, Chelo Lamela e Angelines López. O resultado será inapelable e poderá declararse deserto se así o estima o xurado.
- 8º Os pseudónimos dos premiados faranse públicos, antes da lectura dos ferretes, no quiosco da música.
- 9º A presentación aos premios desta convocatoria supón a aceptación das súas bases.

10º Os premios estarán dotados con:

Estribillo	150 €	
1º Premio	100 €	
2º Premio	50 €	Total 500 €
3º Premio	30 €	
17 Premios cada un de	10 €	